


**IES MURALLA ROMANA  
LUGO**



**ADAPTACIÓN DA  
COMPETENCIA CURRICULAR  
1º Ciclo da ESO**

## ÍNDICE

ÍNDICE.....	2
CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN .....	3
DESTINATARIOS, OBXECTIVOS E FUNCIÓNS.....	7
CARACTERÍSTICAS DO GRUPO.....	9
METODOLOXÍA.....	10
ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.....	12
TEMPORALIZACIÓN.....	12
SISTEMA DE AVALIACIÓN.....	13
VALORACIÓN DA EXPERIENCIA.....	14

## CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA CREACIÓN DO GRUPO EXPERIMENTAL DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

O I.E.S "Muralla Romana" é un centro de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional Específica de Grao Medio e Superior, situado no barrio de mesmo nome, na zona norte da cidade de Lugo, R. Angelo Colocci, s/n.

A actividade como centro educativo iníciase no curso 1982-83 no edificio que actualmente ocupan os xulgados da cidade, como Centro de Formación Profesional, impartíndose a Especialidade Administrativa da Rama Administrativa e Comercial.

No curso 1985-86 inaugúrase o edificio actual como Centro de Formación Profesional de Primeiro e Segundo Grao.

Coa aplicación da Reforma Educativa que supón a LOXSE incorpóranse alumnos de Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

Os alumnos da ESO, que son os que nos ocupan, proveñen de dous barrios da periferia de Lugo: Albeiros e Paradai, barrios no que a renda "per cápita" é media-baixa ou baixa, e as situacións familiares, non son sempre as desexadas para o crecemento dun rapaz.

Nos últimos anos, debido a que son barrios onde a vivenda é máis barata, estanse a instalar familias procedentes de países sudamericanos e de Marrocos, fundamentalmente. Como consecuencia disto, o noso centro é receptor dun número cada vez maior de alumnos estranxeiros e, tal e como demostra a matrícula dos últimos anos, esta tendencia vai en aumento, posto que a área de influencia do noso Instituto converteuse, como dicimos, nunha zona de asentamento permanente co conseguinte efecto chamada cara a outras persoas do seu lugar de orixe. No presente curso o incremento foi moi importante.

Curso 2006 – 07: 5,2%

Curso 2007 – 08: 9,7%

Curso 2008 – 09: 15,9%

É de destacar, ao longo dos anos, a disposición deste Centro a acoller calquera innovación proposta: Informática de Empresa, Módulos Profesionais, Informatización Administrativa, Apoio a Diversidade, acollida de programas para a formación ética e persoal dos nosos alumnos, participación de profesores do Instituto en Grupos de Traballo de elaboración de currículos de ciclos formativos, programas de resolución de conflitos entre iguais etc.

É o momento de pensar nun programa para a recepción de alumnos estranxeiros que se incorporan ao noso centro, cunha carencia importante nas súas competencias básicas. Baseamos este programa no Premio Innovación acadado polo IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo que están a vivir unha situación de características similares as nosas dende fai mas tempo e que xa buscaron solución con bos resultados. O noso agradecemento dende aquí para eles por ter realizado un traballo tan meditado, sen deixar nada ao azar e que adoptaremos na súa maioría.

En xeral, e salvo raras excepcións, estes alumnos traen un nivel de formación moi baixo, con serias deficiencias de comprensión, lectura, escritura e coñecementos básicos de matemáticas, o que supón unhas diferencias insuperables con respecto aos alumnos españois da mesma idade.

Ademais , algúns destes alumnos chegan a nós case sen referencias académicas do seu lugar de orixe, polo que a súa inclusión nun nivel determinado resulta moi complicado incluso despois de facerlles unhas probas de nivel iniciais.

Outro aspecto a ter en conta é que pertencen, na súa grande maioría, a uns niveis sociais xeralmente moi baixos e o seu proceso de escolarización dista moito de ser normal nalgúns casos, posto que non teñen adquirido o hábito de asistir diariamente a clase, senón que veñen afeitos a supeditar esta asistencia a outras facetas da súa vida como a axuda no fogar e no traballo.

Problema engadido é que a incorporación dos alumnos sudamericanos, soe producirse no 2º ou 3º trimestre, o que aínda agrava máis a situación anterior.

TIPOS DE ALUMNOS: De xeito xeral , e en canto a preparación e coñecementos, podemos englobar a estes alumnos en dous grandes grupos:

1.- Alumnos procedentes de países latinoamericanos, dentro dos que podemos facer unha nova subdivisión:

1.1. Unha porcentaxe que chega cun nivel académico aceptable, cun proceso de escolarización normal e, xeralmente, con informes académicos do seu país de orixe.

1.2. Unha porcentaxe de alumnos que presenta unhas diferencias académicas de varios cursos con respecto aos alumnos españois da súa mesma idade, posto que o seu nivel inicial sitúase entre 3º e 6º de primaria. Ademais, non soen traer referencia do seu proceso de escolarización e carecen normalmente dun hábito de asistencia a clase.

2.- Alumnos procedentes de países cunha fala diferente do español, galego ou portuxés (minoría ata agora). Trátase de rapaces cuxo principal problema de escolarización atópase no idioma e que normalmente chegan uns días antes de empezar o curso ou con este xa empezado, polo que a súa aterraxe no instituto constitúe un choque moi forte para eles.

PROTOCOLO ACTUAL: Ata o día de hoxe, a resposta que no centro se dá a estes alumnos encádrase dentro dos reforzos que permite o sistema educativo. É, entendemos, claramente insuficiente:

**Alumnos procedentes de países latinoamericanos con un proceso normal de escolarización e hábito de estudio:** Estes rapaces chegan ao longo do curso ao noso Instituto. Incorpóranse a un determinado curso por idade, reciben algún tipo de reforzo(s) nalgunha(s) materia(s) e poden acadar o título case que sempre, repetindo o curso no que se incorporaron na 2ª ou 3ª avaliación posto que en tan poucos meses unicamente lles daba tempo a integrarse no sistema e no seu grupo.

**Alumnos procedentes de países latinoamericanos cun serio desfase curricular e sen hábito de asistencia a clase:** Neste caso vémonos abocados a contemplar, case con impotencia, como estes rapaces na súa maioría non son capaces de acadar os obxectivos do primeiro ciclo da E.S.O e pasan varios anos no Centro sen conseguir finalmente ningunha formación adecuada que lles poida axudar nun futuro próximo e supoñendo na maioría dos casos que o seu comportamento interfere no funcionamento normal das aulas.

**Alumnos procedentes de países de fala non hispana, fundamentalmente de Marrocos:** Si o alumno non coñece en absoluto a nosa fala, derivámolo ao IES Xoán Montes, onde dispoñen dun aula de inmersión lingüística. Si coñece a fala aínda que sexa pouco, recibe apoio fóra da aula a maior parte do tempo posible ata lograr un mínimo de vocabulario que lle permita ir incorporándose ao seu grupo de referencia en horario habitual aínda que este proceso é bastante lento e vai acompañado da súa escolarización nun ou dous cursos por debaixo do que lles correspondería por idade. No presente curso, reservamos unha horas de un profesor do departamentos de Lingua e Literatura Castelá e outra hora dun profesor de Lingua e Literatura Galegas para o que o que nos chamamos “Inmersión Lingüística”. **Ten sido claramente insuficiente.**

Resulta moi difícil obter algún resultado positivo cos métodos de reforzo tradicionais, posto que se trataba de alumnos cun **serio atraso académico e/ou lingüístico xeral** e, polo tanto, con necesidades de atención especial en **todas as materias**. Aínda que poden asistir a algunhas clases de apoio individualizadas, a maioría deste traballo de reforzo debía realizarse na aula e co profesor da materia correspondente polo que, por mais que se intenta, nunha aula na que se traballa cunha media de 27 alumnos aos que se debe impartir todo o programa de cada materia, resulta imposible prestar a estes rapaces unha atención personalizada tal como eles necesitaban.

Unha vez estudiada e analizada a **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, e a través da experiencia acadada nos últimos anos, chegamos ás **seguintes conclusións:**

1.- Consideramos **insuficiente** o reforzo proposto para estes alumnos no apartado de **grupos de adaptación da competencia curricular** posto que simplemente se permite funcionar de xeito similar aos agrupamentos: Unicamente nas materias instrumentais e limitando o número de horas de reforzo a un máximo de 10. É mais que evidente que en tan poucas horas, coa limitación as materias instrumentais e, sobre todo, cun límite de tempo de permanencia no programa dun ano resultaba imposible salvar as diferencias de dous, tres ou máis anos de desfase curricular xeneralizado.

2.- Mostramos tamén **desacordo** co **Artigo 12 punto 2** da citada orde no que se regulaba de maneira explícita que, en ningún caso, o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular podería **abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das materias** coas que coincidía. Se a característica común dos destinatarios da medida é precisamente un forte desfase curricular que lles impide seguir o ritmo normal das clases, resulta evidente que esas horas de permanencia co grupo ordinario son infructuosas para a súa formación posto que son simples convidados de pedra nunhas clases de nivel inalcanzable e cun profesorado que, as mais das veces, non lle podería prestar a atención individualizada que precisan.

Podemos entender o espírito que move a redacción no referente a este apartado cando, para xustificar a necesidade de non abranguer a totalidade semanal de cada unha das materias obxecto de reforzo, a mencionada orde explica que a finalidade destes grupos é conseguir que o alumnado se poida incorporar con normalidade ao seu grupo ordinario de referencia. Totalmente de acordo pero ¿por que partir o horario das materias obxecto de reforzo? ¿acaso non haberá incorporación progresiva se o alumno recibe este reforzo na totalidade do horario da materia correspondente e se incorpora á aula unha vez salvadas estas diferencias? Temos claro que a incorporación progresiva non ten moito que ver coas horas de cada materia senón co nivel integral de competencias e coñecementos que cada alumno iría adquirindo a través do reforzo xeneralizado.

Puxémonos tamén no caso de que a redacción deste punto co que mostramos desacordo non se referira tanto a integración académica como a integración persoal, no sentido de socialización, de inmersión na dinámica do grupo de referencia, e dicir, de intentar atopar “o seu sitio” no mesmo. E tamén nesta reflexión afianzámonos mais nas nosa postura: a esas horas soltas de obrigada permanencia en grupo ordinario segundo a orde ¿que tipo de actividades poderá facer un destes alumnos cos seus compañeiros en materias nas que o nivel lle resultaba imposible de acadar ? Se o profesorado, nun esforzo “extra” e non sempre factible, lle prepara tarefas de menor nivel e diferentes para el ¿non sería un traballo illado? ¿Desde cando é fácil integrarse desde unha posición de patente inferioridade?

Polo contrario, se nas materias onde se manifesta claramente o desfase curricular este alumno sae a reforzo en ACC e permanece no grupo ordinario a totalidade do horario semanal daquelas disciplinas nas que, por novas para todos ou polas propias características das mesmas, se sente en igualdade de condicións, ou mesmo por riba da media nalgúns casos, ¿non se achegaría ao grupo con outra auto estima?

3.- Posto que as medidas de reforzo tradicionais son claramente insuficientes e non dan resposta aos nosos problemas, decidimos elaborar unha proposta de centro para presentar á Inspección Educativa a modo experimental.

**Tras o estudo por parte da Subcomisión de Coordinación Pedagóxica de ESO e Bacharelato e a aprobación por parte do Claustro e esperamos conseguir a aprobación dun grupo experimental de adaptación da competencia curricular que funcione dende o curso 2009-2010 e que, esperamos, de uns bos resultados como está a pasar no centro de referencia.**

O obxectivo que nos propoñemos é claro e sinxelo: dotar a estes alumnos, nun prazo de tempo axeitado e flexible, dun nivel de competencia básico que lles permita incorporarse a tempo completo ao seu curso de referencia. Partimos para eso da orde do 20 de febreiro do 2004 en canto á súa esencia de incorporación progresiva pero materializándoa, de xeito pensamos que mais realista, cun incremento de materias, número de horas e tempo de permanencia. O resumo do seu funcionamento desenvólvese no seguintes apartados.

## DESTINATARIOS, OBXECTIVOS E FUNCIÓNS

O grupo de Adaptación da Competencia Curricular está **destinado aos alumnos de procedencia estranxeira de primeiro ciclo da ESO con un coñecemento mínimo do idioma castelá ou galego , con claro desfase curricular xeneralizado** e, polo tanto, con moi poucas expectativas de acadar o título coas medidas tradicionais de reforzo.

Os **obxectivos** son os seguintes:

**Primeiro.-** Dotar ao maior número destes alumnos dos coñecementos e competencias necesarias que lles permitan incorporarse a unha aula ordinaria e lograr finalmente a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria.

**Segundo.-** Facilitar a adaptación do novo alumno acabado de chegar tratando de que a súa “aterraxe” no centro non sexa traumática e a súa incorporación se faga de xeito progresivo.

Non cabe dúbida de que para un rapaz de 12-16 anos pode resultar moi difícil deixar atrás un país, unhas costumes, unha boa parte da familia as mais das veces... sen perder de vista que na meirande parte dos casos a emigración é para estas familias a única posible saída para tratar de salvar unha moi mala situación económica. Se a todo este cadro de desarraigo engadimos a inmersión, nada mais chegar, nun novo sistema educativo, nun centro de características e funcionamento probablemente moi distintas ao que viñan afeitos e nun grupo novo onde todos son totalmente descoñecidos, non é de estrañar que os problemas de adaptación afloren ós poucos días e se manifesten dun xeito moi agudo, mesmo case traumático nalgúns casos, chegando a ter algún cadro depresivo con motivado por tales causas.

É precisamente aquí onde o grupo de ACC cumpre unha función moi importante a marxe xa das puramente académicas: ***todo alumno estranxeiro con coñecemento do idioma que chega ó longo do curso, independentemente da súa idade, se sitúa a priori e por sistema, na aula de Adaptación da Competencia Curricular, grupo reducido e formado por persoas que fai pouco ou moi pouco pasaron pola mesma situación na que agora se encontra este hipotético alumno e que, indubidablemente, son os que mellor poden axudalo nesta transición. Así o entendemos e así o aseguran os profesores que o están a experimentar dende hai catro anos.***

As claves dun bó resultado neste proceso de acollida e adaptación, insistimos, son as seguintes:

- Grupo reducido, que facilita a aterraxe e fai mais doado que o novo alumno atope o seu sitio dentro do mesmo.
- Persoas de idades similares, que comprenden a situación mellor que ninguén e que poden, aportando as súas experiencias individuais e como grupo, atenuar o choque da inmersión e facilitar o proceso de adaptación posterior.

**Terceiro.- Valorar o nivel de competencia xeral destes novos alumnos para situalos nun nivel e grupo determinados.**

Está claro que non todos os alumnos procedentes do estranxeiro teñen as mesmas diferencias de nivel por idade con respecto aos rapaces escolarizados aquí e, afortunadamente, non todos necesitan pasar polo proxecto académico de ACC. Sen embargo, a aula de Adaptación da Competencia Curricular, ao mesmo tempo que realiza esa función de acollida e incorporación progresiva do alumnado estranxeiro acabado de chegar, serve tamén como marco de referencia onde facer unha valoración do nivel xeral de coñecementos e competencias destes rapaces para, a partir de aí, derivalos ao curso e grupo que se considere mais axeitado.

Temos situacións moi diversas en canto a:

- **procedencia** (países diferentes)
- **nivel** (desde rapaces cun nivel similar por idade a outros que con 12 anos non sabían sumar)
- **referencias académicas** (algúns destes alumnos non traen referencias académicas e, cando sí as aportan, os sistemas de cualificación son totalmente distintos ente eles e con referencia ao noso propio)
- **tipo de escolarización** (pública, escolas parroquiais...)

Está clara a necesidade de facer unha valoración de nivel no caso dos rapaces que non traen referencias académicas para metelos no curso e grupo adecuados e, está claro tamén, que a ausencia destas referencias é síntoma dun pobre proceso de escolarización polo que, a priori, xa se pode sospeitar que a súa escolarización no noso sistema educativo irá acompañada dun retroceso de curso(s) con respecto ao que, por idade, lles corresponde.

Polo que respecta aos alumnos con referencias precisas, inicialmente son situados nun curso concreto baseándonos na idade e nos datos aportados. Sen embargo, a experiencia tamén nos demostra que é un erro situar a estes alumnos que aportaban referencias académicas positivas directamente no grupo que por idade lles corresponde posto que, as mais das veces, as cualificacións non se corresponden cos resultados que logo van acadando.

Chegados a este punto **o Claustro de profesores decidiu que ACC debería ser sempre o grupo receptor de todos estes alumnos**, independentemente da súa idade e referencias académicas, actuando como primeiro banzo de acollida e de valoración de nivel e coñecementos.

Tras este proceso de acollemento e valoración de nivel poden presentarse vías:

- Aos rapaces, que tras facerlle a valoración inicial, presentan un nivel parello ó noso sitúanse directamente nun curso por idade aínda que, nas mais das veces, nun grupo que teña posibilidade de agrupamentos por si se manifesta esta necesidade.
- Os rapaces de primeiro ciclo cuxa valoración inicial indique forte desfase curricular quedan xa escolarizados no grupo de ACC, ás veces no curso que lles corresponde por idade e ás veces un curso por debaixo desta correspondencia. Mesmo nos casos nos que o desfase curricular é moi agudo, un alumno pode repetir curso dentro do programa.
- Os alumnos que por idade deberían escolarizarse en 2º ciclo pero que igualmente presentan graves carencias formativas e un forte desfase curricular tamén quedan no grupo de ACC, escolarizándoos un ou varios cursos por debaixo da idade, dentro sempre dos límites permitidos pola lei. É por eso polo que non hai programa de Adaptación da Competencia Curricular en 2º ciclo: a posibilidade de baixalos de curso permite dotar a estes alumnos dun mínimo de competencia necesario para afrontar mais adiante o segundo ciclo, ben en grupo ordinario, ben incorporándose a un programa de diversificación curricular.

Dado que se trataría dun grupo experimental, cando o profesorado considera adecuada a inclusión nel dalgún alumno concértase unha entrevista coa familia na que se lle informa do proxecto e do seu sistema de funcionamento. Só despois da conformidade da familia, da que se deixa constancia por escrito, procédese a incorporación efectiva do novo alumno ao programa.

## CARACTERÍSTICAS DO GRUPO

PRIMEIRA.- O **número de alumnos** que poden formar parte de ACC límitase, xa desde o momento da súa creación, a un máximo de **10**. A necesidade dun grupo reducido xustifícase por si mesma: só cunha clase pouco numerosa pódese atender de forma personalizada a alumnos con necesidades graves e diferentes.

SEGUNDA.- O seu **funcionamento como grupo autónomo e permanente** resulta tamén evidente:

- Grupo autónomo: porque os seus compoñentes, independentemente das súas diferencias académicas e persoais, responden a un perfil determinado que o converte nun colectivo diferenciado do resto, e polo tanto, cunhas necesidades especiais e concretas. Neste sentido cabe destacar a función do **titor do grupo**: a experiencia dinos que estes rapaces presentan graves problemas non só a nivel académico senón tamén a nivel familiar (normalmente emigra unha pequena parte da familia que actúa de “avanzadilla”, mentres que o resto agarda no seu país de orixe á espera de poder vir mais adiante), problemas económicos (dificultade para conseguir vivenda, dificultade para adquirir o material escolar...) problemas de desarraigo, de falta de integración... e incluso problemas de irregularidade na súa situación legal no noso país. É por todo isto polo que consideramos de especial importancia a **labor tutorial específica** e diferenciada para este grupo que, ademais de tratar de abordar os aspectos anteriormente sinalados, leva tamén a cabo unha orientación a estes alumnos/as dedicada á explicación e coñecemento do Sistema Educativo no que se integran: plan de estudos, titulación, saídas laborais e académicas..., orientación que se fai extensible aos seus pais. **Especial dedicación debe ter este titor de cara a fomentar o hábito diario de traballo** duns alumnos que maioritariamente non o teñen: a ensinanza de técnicas de estudo e métodos de organización do traballo son aspectos fundamentais que ten que reforzar.
- Grupo de funcionamento permanente posto que, a diferenza doutras medidas de atención á diversidade como os agrupamentos específicos, neste grupo trabállase con alumnos entre os que existirán notables diferencias en canto ó nivel de competencia inicial: desde os que unicamente necesitan unha especie de “posta ó día” xeral para afrontar a ESO a outros cuxas graves carencias fan necesaria a súa permanencia en ACC durante todo o ciclo. Ademais, o feito de que moitos destes rapaces cheguen na segunda ou na terceira avaliación fai que o funcionamento continuo do grupo sexa unha necesidade esencial e que **non sexa aconsellable o facer o grupo ao completo dende o inicio do curso**.

TERCEIRA.- A **flexibilidade e o dinamismo** completan as características deste grupo de Adaptación da Competencia curricular:

- Grupo flexible porque permite a entrada do alumnado acabado de chegar e porque busca o abandono do mesmo, de cara á integración a tempo completo no grupo ordinario, no momento en que se considere que un rapaz acada os obxectivos propostos.

- Grupo dinámico posto que o seus compoñentes varían ano a ano e, con eles, as expectativas, o ritmo de traballo, os elementos de reforzo, a dinámica das clases.... Trátase por tanto dun grupo dinámico non só porque cambia a súa configuración humana senón porque require de constantes cambios de estratexias e actuacións adaptadas as características dos rapaces que o conforman en cada momento.

## METODOLOXÍA

O grupo da Adquisición da Competencia Curricular está destinado, como xa dixemos, aos alumnos estranxeiros de primeiro ciclo da ESO e **ten permanentemente como grupos de referencia a un primeiro e un segundo** cuxos horarios deben coincidir, de xeito global, nas materias de L. Galega, L. Castelá, Inglés, Matemáticas, C. Sociais e C. Naturais. No resto das materias o seu horario faise con total liberdade. Estes dous grupos actúan a modo de grupo de referencia para os alumnos de ACC, que reciben clase nos mesmos nalgunhas materias mentres que, nas anteriormente sinaladas, saen ao grupo específico (o sistema de funcionamento en canto a encaixe horario sería similar ao dunha diversificación en 2º ciclo). É importante sinalar que, a hora da elección de materias a impartir dentro deste grupo específico, non incluimos só as propiamente instrumentais senón tamén aquelas que teñen un forte contido teórico dificilmente asimilable con graves problemas de base na lingua ou nas matemáticas. Polo contrario, estes alumnos permanecerán nas súas respectivas aulas de referencia naquelas materias onde o seu desfase curricular non presente tantos problemas ou incluso lles permita destacar por riba da media: “separar para integrar” é, sen dúbida, unha das claves do funcionamento do programa.

**Sistema de funcionamento a modo de escola unitaria:** Temos claro que este ten que ser o sistema de traballo, e non só por optimizar recursos (un grupo de ACC por nivel suporía un incremento de carga horaria imposible de asimilar e a habilitación duns espazos dos que non dispoñemos) senón tamén por cuestións académicas: o desfase curricular e as carencias que presentan estes rapaces son tan *diferentes entre eles que case podería haber tantos niveis como alumnos forman o grupo*. Sen embargo, a necesidade de reforzo nestas carencias é a característica común que comparten todos eles e todos teñen tamén, como expectativa última, a adquisición dun nivel mínimo de competencia que lles posibilite a plena incorporación ao curso no que se atopan escolarizados. Tendo en conta estas características comúns e tendo en conta tamén que o nivel xeral do que se parte é bastante baixo e a formación que se pretende é mais de competencias que de contidos precisos ¿non son razóns suficientes para incorporalos a todos a un mesmo grupo?

A mesma orde do 20 de febreiro de 2004 xa contemplaba esta posibilidade no punto 4 do Artigo 11.

**O desenvolvemento das materias dentro do grupo específico distribúese en tres grandes bloques** que funcionan a modo de ámbitos:

- Ámbito Sociolingüístico: L. Galega, L. Castelá e C. Sociais
- Ámbito Científico e matemático: Matemáticas e C. Naturais
- Inglés

O agrupamento das materias en ámbitos (seguimos a distribución clásica dunha diversificación porque nos parece a mais axeitada) está intimamente relacionada coa idea de que **a meirande parte da formación destes alumnos sexa dirixida por un número reducido de profesores**: unicamente co traballo diario e permanente pódense ir coñecendo as deficiencias de cada alumno para logo ir insistindo nas estratexias e traballos personalizados e poder corrixilas paulatinamente a medida que, dun xeito

integral, se traballan todas as áreas, algo moi difícil de conseguir se cada materia a imparte o profesor correspondente á mesma, posto que en dúas ou tres horas semanais nin se afonda no coñecemento das carencias de cada alumno, nin moito menos se aborda de xeito individualizado a corrección das mesmas: a constancia no traballo, a continuidade na metodoloxía e o seguimento permanente son requisitos indispensables para acadar algún resultado positivo. (Curiosamente, a *Orde do 6 de setembro do 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, axustouse perfectamente a noso sistema de traballo posto que -punto 8 apartado g- considera xa de forma explícita esta posibilidade para o primeiro ciclo).

Evidentemente e aínda que en xeral nos movamos en niveis entre 3º e 6º de Primaria, non todos os alumnos presentarán os mesmo cadro de carencias formativas polo que, xunto as liñas básicas que articulen esa formación integral da que falamos anteriormente e que estaría dirixida de a todos os compoñentes deste grupo, o profesor debe elaborar materiais de reforzo específicos para cada alumno en función das súas carencias: de novo vemos a necesidade de que esta formación integral se divida en ámbitos e non en materias, e que cada ámbito sexa de dedicación exclusiva e permanente dun profesor.

En calquera caso, e a pesar de que cada ámbito é traballado por un mesmo profesor, cada unha das materias que o compoñen ten o seu propio tratamento específico e a súa propia cualificación a efectos de avaliación para axustarse á *Orde do 6 de setembro do 2007*.

## ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E DISTRIBUCIÓN DE TEMPOS AO LONGO DO CURSO

Aínda que cada un dos seus alumnos pertence a un grupo ordinario de referencia co que comparte determinadas materias, o grupo de ACC como tal dispón da **súa propia aula específica de uso exclusivo**: aquí é onde se imparten as clases comúns e onde se dispón de todo o material adaptado que se vai elaborando ou recompilando.

Polo que respecta á **distribución de tempos** ao longo do curso é necesario sinalar que, co cadro horario actual, a diferenza de sesións lectivas entre primeiro e segundo nas materias comúns en ACC é de 3 horas polo que o axuste horario resulta complexo. Así, tal e como queda explicado no **cadro horario funcionamento do grupo de ACC** (ANEXO 1), este axuste pasa pola utilización das horas de reforzo educativo que, en lugar de segunda lingua estranxeira, reciben todos estes alumnos e pola non permanencia do grupo de 1º na totalidade horaria dunha das materias obxecto de reforzo en ACC:

## TEMPORALIZACIÓN DO PROGRAMA

Dado que os horarios de 1º e 2º encaixarán ambos co do grupo específico de ACC, **o tempo de permanencia** dos alumnos neste último grupo **é flexible e individualizado**, podéndose incorporar ao curso normal cando se considere que acadou o nivel mínimo de competencia necesario (normalmente, e salvo algunha excepción, incorporaranse a principios do novo curso para ter así mais asentadas estas competencias e afrontalo con maior seguridade de éxito). Tampouco temos un límite de tempo máximo de permanencia no grupo, agás o da propia idade de escolarización, dadas as enormes diferencias coas que nos chegan estes rapaces, polo que algúns farán todo o primeiro ciclo en ACC incluso, se é necesario, repetindo curso ¿que adiantaríamos se puxeramos un límite temporal que nos obrigase a incorporalos a unha clase normal? ¿serían capaces de seguir o ritmo da mesma ou abandonarían mesmo antes de intentalo...?).

A flexibilidade e a individualización constitúe un incentivo extra dentro do grupo de cara á súa motivación: esperamos que os alumnos do grupo ACC do curso 2009 – 10 se incorporen ao grupo de referencia con éxito e que isto sirva para futuros grupos que ao comprobar que antigos compañeiros de programa xa o fixeraron inicien a súa andadura no mesmo, cando menos, con ilusión. Si esto é así, será a proba palpable da eficacia do mesmo e, como non, un estímulo para tratar de aproveitar a experiencia.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN: AVALIACIÓN DE PROGRESOS E AVALIACIÓN FINAL

Posto que estamos a falar dun grupo experimental, a **avaliación ao longo do curso** farase mediante **comunicados** ás familias coincidentes cos períodos de avaliación xerais, comunicados nos que se valora a marcha dos alumnos en cada unha das materias en función dos progresos acadados.

As cualificacións destes comunicados non se fan constar nas actas ordinarias da primeira e segunda avaliación onde, deixaríamos o cadro marcado cun guión (-).

Está claro que as avaliacións intermedias son orientativas pero, no caso da **avaliación final de xuño ou na avaliación extraordinaria de setembro**, os resultados dos alumnos de ACC teñen que constar nas actas do seu curso de referencia.

Igual que ocorre co resto do alumnado, **esta cualificación fai referencia** non aos progresos de cada rapaz a partir do seu nivel inicial senón **a se acadou ou non os obxectivos de cada materia do curso no que se atopa escolarizado**. Este punto é necesario explicárllelo moi claramente ás familias dos novos alumnos que entran no programa posto que un rapaz, ao longo dun curso, pode progresar moito con respecto ao seu nivel inicial pero, a pesar destes progresos, non acadar o nivel necesario para promocionar ao curso seguinte polo que as súas cualificacións nas actas finais serán de **insuficiente**.

Lugo, 12 de marzo de 2.009

## ANEXO I

### PLAN DE FUNCIONAMIENTO DO GRUPO DE ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

1º DE ESO		2º DE ESO	
MATERIAS	HORAS	MATERIAS	HORAS
INGLÉS	3	INGLÉS	3
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4 – 1*	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	LINGUA GALEGA E LITERATURA	3 + 1**
CIENCIAS SOCIAIS	3	CIENCIAS SOCIAIS	3
<b>TOTAL ÁMB. SOCIOLINGÜÍSTICO</b>	<b>10</b>		<b>10</b>
MATEMÁTICAS	4	MATEMÁTICAS	4
CIENCIAS NATURAIS	4	CIENCIAS NATURAIS	3 + 1***
<b>TOTAL ÁMB. CIENTÍFICO-MATEMÁTICO</b>	<b>8</b>		<b>8</b>
<b>TOTAL HORAS EN COMPETENCIA CURRICULAR</b>		<b>21</b>	<b>21</b>
L. CASTELÁ E LITERATURA	1*	TECNOLOXÍA	3
RELIXIÓN/ATENCIÓN EDUCATIVA	2	RELIXIÓN/ATENCIÓN EDUCATIVA	1
EDUCACIÓN FÍSICA	2	EDUCACIÓN FÍSICA	2
EDUCACIÓN PLÁSTICA	2	MÚSICA	2
REFORZO EDUCATIVO / FRANCÉS	2	EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA	2
PROXECTO INTERDISCIPLINAR	1		
<b>TOTAL HORAS CO GRUPO DE REFERENCIA</b>		<b>10</b>	<b>10</b>
<b>TUTORÍA INDEPENDIENTE PARA ACC</b>		<b>1</b>	<b>1</b>
<b>TOTAL HORAS GRUPO 1º ESO</b>		<b>32</b>	<b>TOTAL HORAS GRUPO 2º ESO</b>
			<b>32</b>

Tendo en conta que, aínda que as materias se organicen en ámbitos, débese respectar o horario do conxunto das mesmas (*Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*. Artigo13.4), está claro que non temos moita capacidade de manobra cunha diferenza horaria de 3 sesións... É por eso polo que decidimos utilizar as horas de reforzo educativo complementario en función do que resulte máis proveitoso para os alumnos de cada un dos cursos (tendo en conta que o desfase curricular xeneralizado é a característica de todos os alumnos do grupo, todos reciben este reforzo en lugar da 2ª lingua estranxeira, da que están exentos de acordo tamén coa nova normativa).

Así, mentres os alumnos de primeiro teñen este reforzo educativo ás horas no que no grupo de referencia se imparte francés e, de habelos, con outros rapaces deste curso que tamén o precisen, as dúas horas de reforzo para os alumnos de segundo utilízanse para incidir no estudo de L. Galega (\*\*) e Ciencias Naturais (\*\*\*), encaixando así dúas das 3 horas de diferenza horaria entre primeiro e segundo de ACC.

Quédanos sen embargo unha hora por encaixar e, dado que co resto das materias non podemos facer o mesmo que co reforzo educativo posto que sería variar a súa carga horaria, unicamente podemos nivelar ambos grupos facendo que nunha das tres materias citadas ao principio –L. Castelá neste caso (\*)- os alumnos de primeiro reciban 3 horas dentro de ACC e a restante no grupo de referencia en horario habitual aínda que, eso si, cunha atención específica por parte do profesor correspondente: conséguese así que, respectando a carga lectiva de todas as materias, os alumnos de 1º e 2º ACC teñan as mesmas horas en común e co seu grupo de referencia.

Esta distribución, que a primeira vista pode resultar un tanto complexa, presenta unicamente problemas á hora de confeccionar os horarios posto que supón o esforzo extra de facer coincidir cada curso co seu grupo de referencia nalgunhas materias e, á vez, todos os alumnos de ACC nas materias comúns (é dicir, como dous grupos de diversificación a súa vez coincidentes) Evidentemente o axuste non resulta doado pero, unha vez salvado este proceso mecánico, o seu funcionamento diario nas aulas non presenta ningunha dificultade.